



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xustiza de ricos e xustiza de pobres: unha mirada crítica á xustiza española

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Específicos determinados colectivos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2013
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Xustiza é unha área pública que afecta a ordes moi diversas da vida social, política e económica dun país. Un bo funcionamento do sistema de xustiza é un elemento clave para a existencia dunha democracia real na que se respecta o Estado de Dereito. Por iso, o curso pretende constituír un espazo de encontro no que se analicen e debatan as últimas reformas levadas a cabo no noso país no ámbito do Sector Xustiza, así como as anunciadas para un futuro inmediato.

Os temas que se propoñen destacan pola súa actualidade, ampla repercusión social e carácter polémico, resultando de interese tanto para un amplo abano de colectivos profesionais coma para a cidadanía en xeral.

Serán abordados dende unha perspectiva plural e multidisciplinar, por expertos que poñerán en común as súas ideas e experiencias, combinando as exposicións teórico-prácticas co comentario de casos e situacións reais, ao obxecto de poder extraer reflexións e conclusións sobre o estado actual da Xustiza española e as posibles vías de mellora ou solución.

DESTINATARIOS

- Estudantes universitarios de grao, licenciatura e máster de ciencias xurídicas e sociais (Dereito, Criminoloxía, Ciencias Políticas e da Administración, Socioloxía, Psicoloxía...).
- Profesionais vinculados co sector da Xustiza.
- Demais profesionais e persoas interesadas na temática do curso.

PROGRAMA

- A importancia para o Estado de contar cun adecuado sistema de Xustiza.
- A eficiencia e a produtividade no sistema de Xustiza. A importancia de investir en Xustiza. As novas tecnoloxías e a Administración de Xustiza.
- A futura reforma da planta e demarcación dos tribunais.
- A politización da Xustiza.
- A fuxida da xustiza "clásica" cara a outras alternativas: a privatización do rexistro civil, a desxudicialización dos divorcios...
- Os medios de comunicación e os xuízos paralelos.
- Os desafiuamentos express e a dación en pago.
- As taxas xudiciais e o dereito á tutela xudicial efectiva.
- A asistencia xurídica gratuíta e o funcionamento da quenda de oficio.
- Unha panorámica das últimas reformas penais e procesuais máis polémicas.
- Os problemas da violencia de xénero e da xustiza de menores.
- O indulto: discrecionalidade ou control da motivación
- A resposta xurídica fronte á corrupción: a importancia e a prioridade da prevención e o papel do Ministerio Fiscal no sistema procesual: presente e futuro.
- Os medios de solución de conflitos xurídicos alternativos ao sistema xudicial clásico e a Xustiza restaurativa.

- Unha mirada aos principais problemas que se observan noutros países en canto ao funcionamento da Xustiza.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Orde de inscrición

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 17/06/2013 a 21/06/2013

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE